


# DAS, NAS e SAN

Hoxe en día, en xeral, existen tres tipos de sistemas de almacenamento de información: DAS, NAS e SAN. Vexamos o modo de implementar cada un e as súas características principais.

## DAS



**DAS (Direct Attached Storage)** é o método tradicional de almacenamento e o máis sinxelo. Consiste en conectar o dispositivo de almacenamento directamente ao servidor ou estación de traballo, é dicir, fisicamente conectado ao dispositivo que fai uso del. Os protocolos principais usados en DAS son SCSI, SAS, SATA ou *Fibre Channel*, tradicionalmente un sistema DAS habilita capacidade extra de almacenamento a un servidor, mentras mantén un alto ancho de banda e taxas de acceso. Un típico sistema DAS está feito dun ou mais dispositivos de almacenamento como discos ríxidos, e un ou mais controladores. A interface co servidor ou coa estación de traballo está feita por medio dun (**HBA**) *host bus adapter*, unha tarxeta SCSI por exemplo.

- [DAS na Wikipedia](#)

## NAS

**NAS (Network Attached Storage)** é o nome dado a unha tecnoloxía de almacenamento adicada a compartir a capacidade de almacenamento dun Servidor con ordenadores persoais ou servidores clientes ao traveso dunha rede (normalmente TCP/IP), facendo uso dun SO optimizado para dar acceso cós protocolos CIFS, NFS, FTP ou TFTP. Moitos sistemas NAS contan cun ou mais dispositivos de almacenamento para incrementar a súa capacidade total. Normalmente, estes dispositivos están dispostos en RAID (*Redundant Arrays of Independent Disks*) ou contedores de almacenamento redundante.

- [NAS na Wikipedia](#)

## SAN

Unha **rede de área de almacenamento, SAN (Storage Area Network)**, é unha rede concibida para conectar servidores, matrices (*arrays*) de discos e librerías de soporte. Principalmente, está baseada en tecnoloxía *fibre channel* e máis recentemente en **iSCSI**. A súa función é a de conectar de maneira rápida, segura e fiable os distintos elementos que a conforman.

Tanto en **DAS** como en **SAN (Storage Area Network)**, as aplicacións e programas de usuarios fan as súas peticións de datos ao sistema de ficheiros directamente. A diferenza entre ambas tecnoloxías reside na maneira na que o sistema de ficheiros obtén os datos requiridos do almacenamento:

- Nunha **DAS**, o almacenamento é local.

- **Nunha SAN**, o armazenamento é remoto.

- [SAN na Wikipedia](#)

--Volver a Discos Duros